

EXPOSICIÓN

CARLOS RIAL

25 maio – 26 agosto 2007 **ESPAZO ANEXO**



DATAS

25 maio - 26 agosto 2007

LUGAR

Espazo Anexo

HORARIO

martes a sábado de 11:00
a 14:00 e de 17:00 a
21:00

domingos, de 11:00 a
14:00

ENTRADA GRATUÍTA

COMISARIA

Agar Ledo Arias, responsable de
exposicións

PRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte
Contemporánea de Vigo

OBRAS EN EXPOSICIÓN

No seu proxecto para o Espazo Anexo, Carlos Rial investiga sobre as intervencións *site-specific* no contexto museístico. O artista intervén no lugar para devolvernol nos unha realidade alterada a partir de obxectos cotiáns: neste caso, cinco desatoadores xigantes que ocupan o espazo, adaptándose ao cubo branco no que, aparentemente, non lles correspondería estar.

Carlos Rial

Sen título, 2007

Instalación para o Espazo Anexo do MARCO

Escaiola, ferro galvanizado

INFORMACIÓN E VISITAS

Durante toda a exposición, e dentro do horario de apertura do Espazo Anexo, o persoal de salas estará a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas "á carta" para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11
- Visitas para asociacións, xoves e venres ás 17.00, previa cita no tel. 986 113900/11

NOTA DE PRENSA

“... para o proxecto do MARCO sigo xogando con elementos ‘desproporcionados’ e de uso cotián, neste caso con desatoadores; provocho que unha peza entre dentro da outra, nunha especie de loita... Tamén intento xogar co espazo do Anexo a modo de contedor propio das pezas; ‘por iso esa dimensión’. Outra cousa que me parece importante é que tratei de reflectir isto mesmo noutras pezas, como por exemplo a botella, ou a garita na galería... dalgún xeito trátase de que a sobredimensión das pezas intimide ao espectador, como un elemento de uso cotián que todo o mundo coñece ou ten na casa, e que de súpeto se impón, se revela, deixando de ser un obxecto de aparencia desapercibida a obxecto impositor...”

Carlos Rial, abril 2007



TEXTO DA COMISARIA

O feito de atopármonos fronte a un obxecto cotián nun contexto artístico é algo superado tras a asimilación das prácticas do *readymade*. O valor simbólico que adquire un obxecto a partir da súa descontextualización – polo feito de perder o seu carácter práctico e funcional – ocupou o pensamento de Carlos Rial dende a presentación dos seus primeiros traballos, nos que a figura humana funcionaba como metáfora da condición humana, das estruturas sociais, desa percepción dirixida que domina o noso xeito de ollar. Se hai algo que caracteriza a súa obra é a ironía, a intención subversiva e desafiante de emprazar ao espectador fronte a algo que lle resulta familiar e que, alterado – sempre dentro da herdanza minimalista que posúen os seus traballos – obrígaos a cuestionar cal é a función, non do obxecto que ten perante si, senón de si mesmo como participante activo no contexto no que convive coa obra.

No seu afán por cuestionar a realidade dende a realidade mesma, o artista altera a natureza da escultura. Se ben parte daquela primeira intención subversiva do obxecto que, emprazado nun contexto museístico, adquiriría novos significados, o seu traballo enténdese a partir do estudo da sala de exposición. Carlos Rial constrúe espazos, novidosos, intrigantes, ao modificar as coordenadas habituais e implicar ao espectador na loita contra a realidade preconcebida, a que evoca o obxecto cotián. O molde – que non está, pero estivo – suxire o baleiro, o intersticio entre ser e non ser, o paso da realidade ao simulacro – que o artista prefire chamar reflexo – que a suplanta, que a derroca. O proceso é parte fundamental do resultado, o fin último, entendido como o momento no que o obxecto fúndese co transfondo teórico que o artista manexa durante a creación, dende a primeira maqueta ata o encontro entre a peza e o espectador. O acto de esculpir, o manexo dos materiais e a relación espacial que cada unha das súas obras garda coa contorna para a que son creadas, definen o seu discurso entre o conceptual e o obxectual, sempre unido á tradición figurativa que defende dende o principio da súa carreira.

Neste proxecto específico para o Espazo Anexo, Carlos Rial investiga sobre o significado das intervencións *site-specific* no contexto museístico. O artista intervéno no lugar para devolvernol unha realidade alterada, convidándonos a reflexionar a partir de obxectos cotiáns. Cinco desatoadores sobredimensionados aparecen adaptados ao espazo; non só o ocupan, préganse perante el mediante a presión e o baleiro, nun intento de cingirse ao cubo branco no que, atendendo á súa natureza, non lles correspondería estar.

NOTA DE PRENSA



O cubo branco, como espazo neutro, nace na modernidade para potenciar a autonomía da obra de arte, illándoa do seu contexto, un contexto que non obstante está sempre ateigado de connotacións sociais e ideolóxicas; unha contorna que non é neutra, un cubo branco que non existe como tal. Os obxectos de Carlos Rial fanlle un chisco ao espectador, que percibe o esforzo por adaptalos ao lugar, por estaren dentro. Os conceptos 'dentro' e 'fóra', que o artista explora noutras pezas, están intimamente ligados ao museo como *institución lexitimada para expor arte*. O artista utilízalos como punto de partida nunha obra feita-especificamente-para-o-lugar, cuxo discurso se centra nas estruturas de poder institucionais. Paradoxalmente, o elemento elixido perde o seu poder ao musealizarse.

Botellas, chemineas, torres de vixilancia, dados ou peóns, veñen definindo a produción artística de Rial dende os seus primeiros traballos. Aqueles obxectos recoñecibles suxerían sempre certa desconfianza pola aparencia que adquirirían amoreados, aliñados, enfrontados entre si ou sitos no punto de fuga cara ao que o espectador dirixía a súa ollada. Agora, o que nos incomoda son ventosas; que hai senón ironía na elección? Rial xoga co uso predeterminado e único que entendemos posúen estes obxectos, abríndonos a posibilidade de buscar símiles ou referencias derivadas da elección do motivo (xa disfuncional), cuxa representación (resignificación) se nos ofrece para destruír a idea de escultura estática, illada, para romper a xerarquía piramidal establecida –o noso dominio perante o obxecto– e implicarnos nun xogo de poderes. Explorando as posibilidades e os límites da escultura, convídanos a cuestionar aquilo que queda tras o obxecto, indicios da presenza inmaterial, da realidade que existe tras o acto primeiro de mirar.

Agar Ledo Arias
Comisaria da exposición

DATOS BIOGRÁFICOS

Carlos Rial (Lage, Alemaña, 1969; vive e traballa en Dena, Pontevedra)

Exposicións individuais (selección)

- 2007** Espazo Anexo do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
- 2005** Galería VGO, Vigo / Museo Barjola, Xixón
- 2003** Galería SCQ, Santiago de Compostela / *Carlos Rial, 1991-2003*, Centro Torrente Ballester, Ferrol
- 1999-2000** Escultura pública na Praza da Hispanidade, Vigo
- 1998** Sala de exposicións Caja Madrid, Pontevedra
- 1997** *Atados*, Transforma Espacio, Vitoria / Galería SCQ, Santiago de Compostela
- 1995** *Embalaxes*, Galería Sargadelos, Santiago de Compostela

Exposicións colectivas (selección)

- 2007** *Mapas, cosmogonías e puntos de referencia*, Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Santiago de Compostela / *Ununterbrochen*, Die Linie, Basement. Viena, Austria
- 2006** *Off/Fóra: Movementos imaxinarios entre Galicia e o Cono Sur*, XXIX Bienal de Arte de Pontevedra / *Arquivar tormentas*. Coleccións ARCO e CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Santiago de Compostela / *Sen Xeración*, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela
- 2005** *Identities*, II Encuentro Internacional de Artistas Independientes, Morelia, Michoacán, México / *Adosados*, Fundación Granell, Santiago de Compostela / *Latitudes III*, Fundación Caixa Galicia, Ferrol
- 2004** Galería Metta, Madrid
- 2003** *De Novo*, Galería Sargadelos, Santiago de Compostela
- 2002** *Vinte anos vinte escultores. Galiciaaescultura*, Centro Torrente Ballester, Ferrol / Harlech Biennale of Contemporary Art, Harlech, Gales, Reino Unido
- 2001** VIII Bienal de Artes Plásticas "Ciudad de Pamplona", Pamplona
- 1999** VII Bienal de Artes Plásticas "Ciudad de Pamplona", Pamplona / *Novos Camiñantes*, Pazo de Congresos e Exposicións, Pontevedra / VI Mostra Unión Fenosa, Estación Marítima, A Coruña
- 1997** *De Asorey ós noventa. A Escultura moderna en Galicia*. Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela
- 1995 e 1993** *Novos Valores*, Museo de Pontevedra

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

CARLOS RIAL

MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo-e:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.